



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Asunto: nomeamento de un peón forestal para o programa Aprol Rural 2020

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provision, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de un posto de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do Emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (DOG nº 2 do 28/01/2020).

Visto os CV dos candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Carballo), remitíronse ao servizo de Emprego do Concello con número de oferta 12-2020- 4488, nun total de 5 formularios da selección da oferta indicada, e realizadas as comunicacións telefónicas para convocalos a varias reunións informativas na Casa do Concello.

Visto que durante o prazo de presentación de instancias establecido según as bases de selección, e según a remisión de 5 veces os formularios de selección, os candidatos interesados presentaron en tempo e forma as instancias e a documentación requirida.

Vista a resolución de alcaldía nº 252/2020 do día 30/06/2020 de aprobación de listaxe definitiva de admitidos e excluídos, da convocatoria dos aspirantes para a realización da proba en fase de oposición o día 01 de xullo de 2020.

Según a acta do tribunal de selección do día 01/07/2020 na que aparece a valoración da proba realizada polos aspirantes admitidos realizada ese mesmo día no campo do Briño, así como o acordo de proposición de aprobados no proceso de selección adoptada por unanimidade dos membros do tribunal.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** nomear como peón forestal para o programa Aprol Rural a seguinte aspirante:

- Pose Martínez María Liliana.

**SEGUNDO:** outorgar un prazo de tres días hábiles a contar dende a resolución de nomeamento para que a adxudicataria presente a documentación necesaria conforme o establecido na cláusula oitava das bases de selección para a formalización do contrato.

**TERCEIRO:** dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre desta resolución.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)